

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	2022/2023	0	160	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ MARÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ, BELÉN CARBALLO DOMÍNGUEZ (Subst.)
Outro profesorado	BELÉN CARBALLO DOMÍNGUEZ

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza o concepto de autonomía persoal, para o que analiza os factores que interveñen tanto na súa prevención e promoción como na súa deterioración.
RA2 - Clasifica os niveis de dependencia e as axudas requiridas asociados ao proceso de avellentamento, e analiza os cambios e as deterioracións producidas por el.
RA3 - Recoñece as características das persoas con discapacidade en relación cos niveis de dependencia e coa axuda requirida.
RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padezan.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os procesos básicos asociados á promoción da autonomía persoal e a vida independente.
CA1.1.1 Identifícanse os procesos básicos asociados á promoción da autonomía persoal e a vida independente.
CA1.2 Caracterízanse as habilidades de autonomía persoal.
CA1.2.1 Coñecéronse as habilidades de autonomía persoal.
CA1.7 Argumentouse a importancia da prevención para retrasar as situacións de dependencia.
CA1.7.1 Tívoise en conta a importancia da prevención para retrasar as situacións de dependencia na práctica profesional.
CA1.8 Valorouse a importancia da familia e do medio do suxeito no mantemento da súa autonomía persoal e o seu benestar físico e psicosocial.
CA1.8.2 Identificouse a importancia da familia e do medio do suxeito no mantemento da súa autonomía persoal e o seu benestar físico e psicosocial.
CA2.1 Relacionáronse os cambios biolóxicos, psicolóxicos e sociais propios do avellentamento coas dificultades que implican na vida diaria da persoa.
CA2.1.2 Identifícanse os cambios biolóxicos, psicolóxicos e sociais propios do avellentamento coas dificultades que implican na vida diaria da persoa.
CA2.2 Identifícanse as patoloxías máis frecuentes na persoa anciá.
CA2.3 Descríbense as principais características e necesidades das persoas anciás.
CA2.3.2 Identifícanse as principais características e necesidades das persoas anciás.
CA2.4 Identifícanse as principais manifestacións de deterioración persoal e social propias das persoas anciás.
CA2.4.2 Descríbense as principais manifestacións de deterioración persoal e social propias das persoas anciás.
CA2.5 Relacionáronse os niveis de deterioración física, psicolóxica e social cos graos de dependencia e o tipo de apoio requirido.
CA2.5.2 Identifícanse os niveis de deterioración física, psicolóxica e social cos graos de dependencia e o tipo de apoio requirido.
CA2.8 Valorouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas anciás.

Critérios de avaliación do currículo

CA3.1 Relacionouse a evolución do concepto de discapacidade cos cambios sociais, culturais, económicos e científico-tecnolóxicos.

CA3.2 Relacionáronse os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.

CA3.2.2 Identifícanse os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.

CA3.3 Descríbense as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.

CA3.3.2 Identifícanse as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.

CA3.4 Relacionáronse as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.

CA3.4.2 Identifícanse as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.

CA3.5 Identifícanse os fundamentos da vida independente.

CA3.6 Descríbense as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa con discapacidade.

CA3.6.2 Identifícanse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa con discapacidade.

CA3.7 Argumentouse a importancia da eliminación de barreiras físicas para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade física ou sensorial.

CA3.7.2 Identifícase a importancia da eliminación de barreiras físicas para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade física ou sensorial.

CA3.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas con discapacidade.

CA3.8.2 Identifícase a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas con discapacidade.

CA4.1 Caracterizáronse as doenzas agudas, crónicas e terminais pola súa influencia na autonomía persoal da persoa enferma.

CA4.1.2 Identifícanse as doenzas agudas, crónicas e terminais pola súa influencia na autonomía persoal da persoa enferma.

CA4.2 Identifícanse as principais características e necesidades psicolóxicas e sociais de pacientes con doenzas xeradoras de dependencia.

CA4.3 Defínense as principais características das doenzas mentais máis frecuentes.

CA4.3.2 Identifícanse as principais características das doenzas mentais máis frecuentes.

CA4.4 Descríbiuse a influencia das doenzas mentais na autonomía persoal e social das persoas que as padezan.

CA4.4.2 Identifícase a influencia das doenzas mentais na autonomía persoal e social das persoas que as padezan.

CA4.5 Identifícanse as necesidades de apoio asistencial e psicosocial das persoas enfermas en función da tipoloxía de doenza que padezan.

CA4.5.2 Relacionáronse as necesidades de apoio asistencial e psicosocial das persoas enfermas en función da tipoloxía de doenza que padezan.

CA4.6 Descríbense as principais pautas de atención ás necesidades psicolóxicas e sociais das persoas enfermas.

CA4.6.2 Identifícanse as principais pautas de atención ás necesidades psicolóxicas e sociais das persoas enfermas.

CA4.7 Descríbense as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.

CA4.7.2 Identifícanse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.

Criterios de avaliación do currículo

CA4.8 Sensibilizouse sobre a influencia da doenza na conduta da persoa enferma.

CA4.8.2 Identificouse a influencia da doenza na conduta da persoa enferma.
--

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo

RA1 - Caracteriza o concepto de autonomía persoal, para o que analiza os factores que interveñen tanto na súa prevención e promoción como na súa deterioración.

RA2 - Clasifica os niveis de dependencia e as axudas requiridas asociados ao proceso de avellentamento, e analiza os cambios e as deterioracións producidas por el.

RA3 - Recoñece as características das persoas con discapacidade en relación cos niveis de dependencia e coa axuda requirida.
--

RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padezan.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo

CA1.1 Descríronse os procesos básicos asociados á promoción da autonomía persoal e a vida independente.

CA1.1.2 Puxéronse en práctica os coñecementos sobre os procesos básicos asociados á promoción da autonomía persoal e a vida independente.

CA1.2 Caracterizáronse as habilidades de autonomía persoal.

CA1.2.2 Aplicáronse as habilidades de autonomía persoal.
--

CA1.3 Identificáronse os factores que favorecen ou inhiben o mantemento da autonomía persoal e a vida independente.

CA1.4 Descríronse as principais alteracións emocionais e de conduta asociadas á perda de autonomía persoal.

CA1.5 Identificáronse os indicadores xerais da perda de autonomía.
--

CA1.6 Xustificouse a necesidade de respectar a capacidade de elección da persoa en situación de dependencia.
--

CA1.7 Argumentouse a importancia da prevención para retrasar as situacións de dependencia.
--

CA1.7.2 Identificouse a importancia da prevención para retrasar as situacións de dependencia na práctica profesional
--

CA1.8 Valorouse a importancia da familia e do medio do suxeito no mantemento da súa autonomía persoal e o seu benestar físico e psicosocial.
--

CA1.8.1 Tívose en conta a importancia da familia e do medio do suxeito no mantemento da súa autonomía persoal e o seu benestar físico e psicosocial na práctica.
--

CA2.1 Relacionáronse os cambios biolóxicos, psicolóxicos e sociais propios do avellentamento coas dificultades que implican na vida diaria da persoa.

CA2.1.1 Tivéronse en conta na práctica os cambios biolóxicos, psicolóxicos e sociais propios do avellentamento coas dificultades que implican na vida diaria da persoa.

CA2.3 Descríronse as principais características e necesidades das persoas anciás.

Criterios de avaliación do currículo
CA2.3.1 Tivéronse en conta na práctica as principais características e necesidades das persoas anciás.
CA2.4 Identificáronse as principais manifestacións de deterioración persoal e social propias das persoas anciás.
CA2.4.1 Tivéronse en conta na práctica as principais manifestacións de deterioración persoal e social propias das persoas anciás.
CA2.5 Relaciónáronse os niveis de deterioración física, psicolóxica e social cos graos de dependencia e o tipo de apoio requirido.
CA2.5.1 Tivéronse en conta na práctica os niveis de deterioración física, psicolóxica e social cos graos de dependencia e o tipo de apoio requirido.
CA2.6 Descríbóronse as condutas e os comportamentos característicos das persoas anciás durante o período de adaptación ao servizo de atención á dependencia e ao persoal profesional de referencia.
CA2.7 Identificáronse as necesidades de orientación e apoio das persoas cuidadoras familiares e non profesionais da persoa anciá.
CA3.2 Relaciónáronse os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.
CA3.2.1 Tivéronse en conta na práctica os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.
CA3.3 Descríbóronse as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.
CA3.3.1 Tivéronse en conta na práctica as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.
CA3.4 Relaciónáronse as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.
CA3.4.1 Tivéronse en conta na práctica as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.
CA3.6 Descríbóronse as necesidades de orientación e apoio ao persoal cuidador non profesional da persoa con discapacidade.
CA3.6.1 Tivéronse en conta na práctica as necesidades de orientación e apoio ao persoal cuidador non profesional da persoa con discapacidade.
CA3.7 Argumentouse a importancia da eliminación de barreiras físicas para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade física ou sensorial.
CA3.7.1 Tívoise en conta na práctica a importancia da eliminación de barreiras físicas para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade física ou sensorial.
CA3.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas con discapacidade.
CA3.8.1 Tívoise en conta na práctica a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas con discapacidade.
CA4.1 Caracterizáronse as doenzas agudas, crónicas e terminais pola súa influencia na autonomía persoal da persoa enferma.
CA4.1.1 Tivéronse en conta na práctica as doenzas agudas, crónicas e terminais pola súa influencia na autonomía persoal da persoa enferma.
CA4.3 Definíronse as principais características das doenzas mentais máis frecuentes.
CA4.3.1 Tivéronse en conta na práctica as principais características das doenzas mentais máis frecuentes.
CA4.4 Descríbiuse a influencia das doenzas mentais na autonomía persoal e social das persoas que as padezan.
CA4.4.1 Tívoise en conta na práctica a influencia das doenzas mentais na autonomía persoal e social das persoas que as padezan.
CA4.5 Identificáronse as necesidades de apoio asistencial e psicosocial das persoas enfermas en función da tipoloxía de doenza que padezan.
CA4.5.1 Tivéronse en conta na práctica as necesidades de apoio asistencial e psicosocial das persoas enfermas en función da tipoloxía de doenza que padezan.

Criterios de avaliación do currículo

CA4.6 Descríbironse as principais pautas de atención ás necesidades psicolóxicas e sociais das persoas enfermas.

CA4.6.1 Tivéronse en conta na práctica as principais pautas de atención ás necesidades psicolóxicas e sociais das persoas enfermas.

CA4.7 Descríbironse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.

CA4.7.1 Tivéronse en conta na práctica as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.

CA4.8 Sensibilizouse sobre a influencia da doenza na conduta da persoa enferma.

CA4.8.1 Tívoise en conta na práctica a influencia da doenza na conduta da persoa enferma.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA:

Considéranse como mínimos exixibles todos os criterios de avaliación establecidos no currículo do ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia (Decreto 226/2012, do 18 de outubro).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba segundo se indica no artigo 13 da Orde do 5 de abril de 2013, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Primeira parte: proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Esta parte, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Esta proba terá carácter eliminatorio e ten un peso dun 50%.

Segunda parte: proba práctica: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Esta proba terá un peso dun 50%.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada numericamente, entre 1 e 10, sen decimais. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que

leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Dita proba poderá estar constituída por preguntas tipo test e/ou preguntas de desenvolver, de resposta curta, de completar, de verdadeiro ou falso ou calquer outro tipo de pregunta. No apartado de test, se fose o caso, penalizaranse as respostas incorrectas de xeito que dúas respostas erróneas invalidarán unha resposta correcta.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

O tempo máximo para a realización da proba será de dúas horas.

Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

Esta segunda parte consistirá na resolución de un ou varios supostos prácticos nos que se deberán aplicar e poñer de relevo os coñecementos pertinentes atendendo aos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

O tempo máximo para a realización da proba será de dúas horas.

Esta segunda parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.